

## Á atención da Delegación da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, Xunta de Galicia

Relativo ó estudio informativo da Autovía A-76 que une Ponferrada e Ourense aprobado provisionalmente e en período de exposición pública.

Eu, Ana Cristina de la Torre Herrera, co DNI 44461069 E e domicilio en R/ Circunvalación 64, A Rúa, 32350, Ourense, veciña de Valdeorras e do Parque Natural da Serra da Lastra

### EXPÓN

A exposición pública do estudio informativo da A-76 mostra as intencións do Ministerio de Fomento de atravesar o Parque Natural da Serra da Lastra coa autovía que unirá Ourense e Ponferrada, a pesares de que o estudio de Impacto Ambiental que o acompaña di literalmente: “Así, en la provincia de Ourense, aparece el **Parque Natural Serra da Enciña da Lastra**, localizado en la comarca de Valdeorras, dentro del concello de Rubiá. Se trata de una zona climáticamente mediterránea templada-fresca, con rasgos oceánico-continentales típicamente gallegos y un sustrato geológico peculiar, con roca pizarrosa en algunas zonas y litología calcárea en otras. Los ríos disolvieron las rocas y excavaron profundos cañones, creando un ecosistema con importantes recursos naturales que le dan al parque un carácter sobresaliente. En esta sierra se encuentran representadas la mitad de las especies vegetales de toda la Comunidad de Galicia. El interés botánico de estas sierras reside en su enorme biodiversidad, con bosques de encinas, grandes tomillares, matorrales y pastizales forman hábitats protegidos por la Comunidad Europea. Entre toda esa rica vegetación destaca una flor endémica que crece en los roquedos de montaña, la *Petrocoptys grandiflora*. Aparecen además 25 especies de orquídeas, la mejor representación de todo el territorio gallego y endemismos exclusivos, especies que solamente se dan en este pequeño enclave que son, por tanto, las únicas poblaciones a nivel mundial de al menos media docena de especies.

Desde el punto de vista faunístico, se trata de una zona de nidificación de aves rapaces, como águila real, esporádicamente de alimoche, águila culebrera, halcón peregrino, etc. Destaca una rica comunidad de murciélagos (entre 9 y 15 especies), así como la existencia de cangrejo de río autóctono en el río Sil. Por otra parte, el interés de este paraje es también cultural, ya que diseminadas por las aldeas englobadas en el parque, se encuentran muestras de arquitectura tradicional y diversos elementos etnográficos, y también aparecen yacimientos arqueológicos (mámoas, castros...). En cuanto a la arquitectura religiosa, se pueden contemplar iglesias como do Real y la ermita de San Estebán de Pardollán.”

A pesares deste informe, o trazado escollido para a Autovía A-76 entraría polo Parque Natural partíndoo á metade e botando por terra tódolos esforzos dos veciños por conservar o entorno, adaptarse ás normativas e respectar os novos usos restrinxidos. A Xunta de Galicia, a traveso dos organismos competentes (Dirección Xeral de Conservación da natureza e outros) informou ós redactores do plan sobre as características do entorno e o seu nivel de protección, se ben non chegou a decantarse por ningún dos corredores propostos: o Corredor 1 que sigue o trazado da N-120 ou Corredor 2, que entraba pola N-536 polos Concellos de Ponte de Domingo Flórez e

Carballeda de Valdeorras: *“La forma de superar el Parque Natural y el LIC de Serra da Enciña da Lastra debe ser objeto de análisis, puesto que las dos propuestas pueden resultar muy negativas”,* aunque señala que *“si bien el corredor 1 atraviesa el parque, provocando un importante impacto, el corredor 2 lo bordea (aunque afecta a otros LIC en León) durante un largo trecho, por lo que las afecciones son considerables, circulando además paralelo al río Sil, con todos los inconvenientes que ello conlleva”.*

Mientras, a Junta de Castilla y León posicionouse claramente polo corredor que entraba pola Lastra evitando así que a autovía pasase preto das Médulas: *“Que la opción más indicada sería el empleo del Corredor 1, siempre afinando en el diseño del trazado de la autovía para minimizar la afección a los espacios de la Red Natura 2000 implicados”.*

A pregunta agora é ¿Como é posible que as afeccións medioambientais sexan maiores nos trazados que discurren pola Ponte de Domingo Flórez e Carballeda de Valdeorras? ¿Que faia nestas valoracións para que un Parque Natural non teña puntos de interese xeolóxico, nin florístico, nin paisaxístico ou sexan inferiores ó dunha zona mineira xa devastada polo acción do home? Os itinerarios 1 e 2 da seguinte tabla atravesan a Lastra, o 3 plantexaba cruzar o Sil unindo a N-120 e a N-536 e o itinerario 4 circulaba dende Ponferrada ata O Barco pola N-536.

MATRIZ DE PONDERACIÓN DE AFECCIONES SEGUN PESO

		Espectos naturais protegidos	Puntos de interese xeolóxicos	Intercepción de cauces	Saños de inmersión agrícola	Áreas de interese biolóxico	Áreas de especial interese faunístico	Valores paisaxísticos de cinco singularidad	Términos municipais	Patrimonio Cultural	SUMA DE AFECCIONES PONDERADAS	INDICE DE AFECCIONES RELATIVA PONDERADA
		2,5	1	1	0,5	1,2	1,2	1	0,8	0,0	10	
ITINERARIO 1	ITINERARIO 1	12,12	0,00	3,77	5,00	7,39	6,46	6,20	6,66	5,71	53,28	5,34
	ITINERARIO 2	12,12	0,00	3,77	5,00	7,39	6,46	6,20	6,66	5,71	53,28	5,34
	ITINERARIO 3	25,00	10,00	10,00	4,75	12,00	12,00	10,00	0,00	0,00	88,75	10,00
	ITINERARIO 4	25,00	10,00	10,00	4,75	12,00	12,00	10,00	0,00	0,00	88,75	10,00

Nota: Mayor afección 10,00; menor afección 0,00.

A Consellería de Medio Ambiente ten aprobado varios plans para dinamizar este Parque Natural, o último deles con case medio millón de euros. Ademais está restrinxido o uso do entorno para escalar, navegar ou entrar nas covas. A escalada está prohibida porque se molesta ás aves. O acceso as grutas está limitado porque se esperta ós morcegos que invernan e é necesario pedir permiso por escrito á Xunta. Nunha parte do encoro de Penarrubia non se pode practicar piragüismo pola protección do cangrexo de río... ¿E van meter por aquí unha autovía e as súas obras, movemento de terras, transporte de pilares, tuneladora...? ¿Van permitir que se faga un túnel de 3,5 kilómetros que atravesese a serra e continúe cunha sucesión de viaductos e taludes polo val da Lastra circulando moi próximo ás aldeas de Biobra, Porto e Real? ¿Para que construíron un centro de interpretación da natureza, para que dende el haxa mellores vistas ó formigón ou co obxectivo de que fose un museo de animais extintos? ¿É así como interpretan o desenvolvemento sostible nunha comarca que xa pagou un alto prezo medioambiental polo “progreso” polo “futuro” e polos postos de traballo?

Por todo iso

## **SOLICITA**

**Que a Consellería de Medio Ambiente alegue contra o trazado da A-76 proposto por Fomento para evitar que atravesese o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra.**

**Que se faga un seguimento exhaustivo das obras para evitar que a autovía atravesese Valdeorras levándose por diante acuíferos, serras, entornos de interese biolóxico e a nosa paisaxe.**

**Que no caso de non presentar alegacións, a Consellería de Medio Ambiente explique publicamente porque accede a deixar pasar unha autovía por un dos seis Parques Naturais que hai en Galicia. Como encaixa esta actitude coa súa responsabilidade na conservación da natureza e protección do patrimonio paisaxístico.**

En Valdeorras, a 29 de setembro de 2008

Ana Cristina de la Torre Herrera  
DNI: 44461069 E